

A TABERNA DE ANTÓN

TABERNEIRO.- Hoxe vai ser un día de moito traballo.

XAN.- E logo, porque o dis?

TABERNEIRO.- Logo ti non sabes que hoxe é o Día das Letras Galegas? Ese día, a xente soe saír a tomar unhas tazas, uns chiquitiños de viño; unha tradición moi nosa.

MARIÑA.- É certo!, cada ano homenaxéase a un home ou unha muller que loitase por defender a cultura galega. Este ano dedícase a Antón Fraguas, home de moitas facetas.

TABERNEIRO.- Sabedes que el é de Cotobade, unha aldea de Pontevedra, igual que o meu pai?

XAN.- Logo xa tedes algo en común. Seguro que teu avó o coñecía.

MARIÑA.- Creo que era un rapaz moi listo e que tivo dúas mamás.

TABERNEIRO.- Pero, ti que dis?

MARIÑA.- Escoita home, tiña unha nai, pero mamá Antonia, unha muller que traballaba na casa, ensinoulle unha chea de cousas sobre Galicia, contos, lendas...

XAN.- Pois sabedes que o mestre lle dixo aos pais que era un rapaz moi listo e que tiñan que darlle unha carreira? O pai marchara para Brasil e tiña medo que o levase a el tamén.

TABERNEIRO.- A que non sabes quen es eran os seus amigos?

MARIÑA.- Pois non, e... se non mo dis...

XAN.- Castelao, ese gran escritor, debuxante, médico e político que tamén tivo que marchar de Galicia; por defender a súa patria, a súa lingua.

TABERNEIRO.- Escoitade... paréceme oír unha música...

(Entran uns alumnos e cantan cantigas)

TABERNEIRO.- Ai...! Que sons tan fermosos os das pandeiretas!, parece que saltan as pedras cando as tocas e remuíñan as herbas.

XAN.- Bueno, como íamos dicindo... Antón afiliouse a un grupo chamado As Irmandades da Fala, e dende aí loitou pola lingua galega, para que todos nós agora a poidamos falar.

MARIÑA.- Paréceme escoitar que naquela mesa tamén están a falar de Antón...

(Falan nunha mesa sobre a tradición do entroido).

TABERNEIRO.- Pois mira que era traballador. Estivo afiliado ao Partido galeguista, e defendeu o Estatuto de Autonomía xunto co seu amigo Castelao.

XAN.- A el quería lle todo o mundo, era bo e usaba unha lingua sinxela e agarimosa.

MARIÑA.- Naquela mesa están cunha tradición moi nosa: o Magosto... (sinalan a outro grupo que falan sobre o magosto).

TABERNEIRO.- A el gustábanlle moito as tradicións, xa volo dixen e a xente disfrutaba moito con el.

XAN.- O baile tamén era unha das súas afeccións. Mirade na praza, están a bailar unha peza moi nosa.

(Aparecen alumnos que tocan e bailan pezas populares).

MARIÑA.- Sabedes que ademais de escritor era antropólogo, etnógrafo, conferenciante, político...

TABERNEIRO.- Pareceume escoitar algo sobre a matanza do porco. Canto lle gustaba ao noso Antón!

(Noutra mesa falan sobre a tradición galega da matanza do porco).

XAN.- Bótalle outra taciña que estou moi a gusto.

MARIÑA.- Sabiades que Antón tamén fora mestre? Os nenos queríanlle moito porque era moi amable. E sobre todo axudábanlle a todos. Tiña especial interese polos que viñan do rural porque coñecía todas as carencias que tiñan. Eran os máis desfavorecidos.

XAN.- Seguen a cantar aí fora. Imos escoitalos. (Tocan e bailan outra vez máis pezas populares).

(Falan noutra mesa sobre a tradición dos maios).

TABERNEIRO.- Coñeces o Museo do Pobo Galego, que se atopa en Santiago? Ese que ten unha escaleira monumental e que sae na tele?

MARIÑA.- Como no imos coñecer!

XAN.- Pois Antón foi o seu fundador, presidente e director.

TABERNEIRO.- Agora que o dis eu escoitara que a súa biblioteca persoal, que tiña libros dabondo, entregoulla ao museo.

TABERNEIRO.- Aquí teño algún dos exemplares, que tras un traballo de investigación atoparon os animais máis emblemáticos da nosa terra con moitas curiosidades, lendas, refráns... sobre cada un deles: o caracol, o vagalume, a rá, o sapoconcho... (ensinan os traballos feitos polos alumnos de 5º de Primaria).

MARIÑA.- Pois si que tivo unha vida longa. Tamén foi membro da R.A.G. e do Consello da Cultura Galega.

TABERNEIRO.- Bueno, pero aquí non se come!

TABERNEIRO.- Isto non é un restaurante máis unhas miguiñas de pan sempre hai. Pero, agora que o dis aquí trouxéronme uns folletos coas festas gastronómicas máis significativas (os pementos de padrón, o mexillón de Rianxo, o carneiro ao espeto de Moraña...).

(Ensinan os folletos coas festas gastronómicas galegas elaborados polos alumnos de 2º da ESO).

XAN.- Ai amiguiños! que un non dura para sempre... e a el tamén lle chegou o seu día.

TABERNEIRO .- Morreu en 1999, cando tiña 94 anos.

XAN.- Menudas horas que son!. Cando chegue á casa vanme recordar a min este grandioso día, xa que saín para estar un anaquiño e botei toda a mañá.

(Remata a obra sinalando un cruceiro que hai na praza e proxectando un vídeo con algún dos cruceiros, recolectados polos alumnos de 1º e 2º da ESO, en colaboración coas súas familias).